

CUESTIONARIO DE AUTOREFLEXIÓN

Nome: Norberto Blanco Dorrió

1. Como me sentín nesta fase da observación na clase como **observado**? Por que?

A verdade é que non me sentín observado, xa que, normalmente, cando realizamos actividades deste tipo, temos público que non é da nosa clase.

2. Que momento foi o máis interesante da sesión, desde o meu punto de vista para ser observado?

Entendo que para as persoas que lles gusta traballar con materiais audiovisuais, toda a sesión, en conxunto, lles ten que resultar de interese.

3. Atopo algunha diferenza como observado entre a observación holística e a focalizada?

Quizais estiven un pouco máis cómodo por ser xa máis familiar a presenza doutro mestre na aula.

4. Que podería mellorar?

Ao igual que na observación holística, este tipo de actividades necesita bastante organización dentro da aula para que a sesión se poida desenvolver sen interferencias que non sexan produtivas.

5. Como me sentín na clase nesta fase da observación como **observador**? Por que?

Sentinme moi cómodo, máis que na holística porque xa non era novo para min esta maneira de proceder e actuar.

6. Aqueles elementos que considerei susceptibles de ser observados para a mellora da miña práctica docente déronme unha visión diferente da preestablecida ?

Máis ou menos xa coñecía a maneira de traballar dos dous mestres observados, o que non impediu que dita observación fora unha fonte de aprendizaxe, sobre todo na xestión do alumnado para o desenvolvemento das actividades dentro da aula.

7. Influíu dalgún xeito esta observación na miña labor docente?

Como observado, motivoume a preparar e organizar moito mellor as sesións impartidas. Como observador, axudoume a reflexionar sobre outras metodoloxías para xestionar o alumnado e promover o bo funcionamento e desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe.

8. Fun quen de deixar os meus sentimentos e sensacións a un lado e observar ao compañeiro/a desde o exterior?

Aínda que non é doado facer, penso que fun quen de ser obxectivo na miña observación.

9. Que cambios podería introducir XA na miña labor docente despois deste proceso de observación?

Penso que podería empregar estas metodoloxías de cooperación e aprendizaxe baseadas en problemas, onde o alumnado e o verdadeiro protagonista da súa aprendizaxe, co meu alumnado de 1º ciclo. De feito, teño pensado introducilas no último trimestre do curso.

10. Considero interesante continuar con este tipo de práctica de observación como ferramenta de formación na miña tarefa docente?

A verdade é que resultou ser unha experiencia moi enriquecedora para a miña formación docente. Varios mestres e mestras do noso claustro xa amosaron o seu interese por participar de cara a futuras observacións.